



# DECRETO de Garantía de tempos máximos de atención hospitalaria

## Que é o decreto de garantía?

É a norma que establece o dereito a un tempo máximo de resposta na atención hospitalaria programada no Servizo Galego de Saúde.

Decreto 105/2017, do 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas.

## Quen se pode beneficiar?

Todos os cidadáns que dispoñan de tarxeta sanitaria en vigor do Servizo Galego de Saúde.

## Que enfermidades están incluídas?

- Cancros
- Patoloxía severa das válvulas cardíacas
- Aneurismas cerebrais
- Obstrucións/estenoses arteriais graves
- Desprendemento de retina
- Hidrocefalia

## Como sabe que a súa enfermidade está incluída?

Cando no Servizo de Admisión o inclúan na lista de espera informaranos do seu dereito.

### NON TERÁ QUE ESPERAR MÁIS DE

Para as intervencións cirúrxicas garantidas

60 días naturais

Para as primeiras consultas e probas diagnósticas de cancro (pulmón, mama, colorrectal, próstata, vexiga, cabeza e melanoma)

45 días naturais

No caso de que o seu centro non puidese atendelo no prazo de tempo garantido, ofreceranlle outros hospitais públicos galegos e vostede poderá elixir a cal deles quere ir.

Non terá que decidilo no momento. Disporá de **sete días** para pensalo antes de comunicar a decisión ao seu hospital.

En todos os casos, no seu centro entregaránlle un **Certificado de Garantía**.

## Ten dereito a suspender a garantía temporalmente? Si, cando:

- O solicite por motivo persoal debidamente xustificado.
- Por causa clínica que xustifique o aprazamento.
- Se unha vez inscrito no Rexistro, resulta imposible localizalo.

Nestes casos, o cómputo dos días para a atención hospitalaria retomarase unha vez que desaparezan as circunstancias que motivaron a súa interrupción.

## Pode perder a garantía? Si, cando:

- Deixa de ter a indicación que xustificaba a atención garantida.
- Renuncia voluntariamente á garantía.
- Non opta, no prazo establecido, por algunha das alternativas que se lle ofrecen.
- Se se atrasa ou non se presenta, sen causa xustificada, á cita correspondente.
- Se se incumpre a obriga de **facilitarlle ao Servizo Galego de Saúde** a información sanitaria requirida.

En calquera caso, aínda que se perda a garantía de tempos máximos, nunca se perde o dereito á atención sanitaria.



galicia

# DECRETO de Garantía de tempos máximos de atención hospitalaria



A Xunta garante a túa saúde

O tempo é vida

DL: C 2252-2017  
Deseño: Krissoladiseño



XUNTA DE GALICIA

